

Acción Exterior de Galicia

Prioridades de actuación



Índice

- 1) Presentación**
- 2) Introducción**
- 3) Principios básicos da acción exterior de Galicia**
- 4) Definición das grandes liñas da acción exterior de Galicia**
- 5) Ámbitos sectoriais de actuación**
 - a. Galicia en Europa: O Comité das Rexións**
 - b. A cooperación transfronteiriza e interrexional: Relacións con Portugal**
 - c. Cooperación ao desenvolvemento**
 - d. Relacións bilaterais**
- 6) A acción exterior de Galicia: Eidos de actuación**
 - a. A acción política e institucional**
 - b. A promoción económica e comercial**
 - c. O eido cultural e educativo**
 - d. A diáspora como capital relacional**
- 7) Medidas de estruturación**
- 8) Epílogo**

1. Presentación

Debido aos seus condicionamentos xeográficos, históricos e económicos, Galicia sempre tivo que mirar cara fora, ao exterior. Grazas a esta nosa tendencia natural conseguimos reducir a distancia que nos separa do mundo.

Desde a Xunta de Galicia traballamos para deseñar e por en marcha unha acción exterior competitiva, capaz de acadar resultados concretos. É precisamente nun contexto de crise coma o actual cando cómpre saír afora, para procurar solucións, abrir mercados, apoiar aos nosos empresarios, buscar alianzas e estratexias, deseñar axendas conxuntas. Esta é a nosa función, o noso obxectivo: transmitir confianza, xerar canles e áreas de cooperación.

Por isto para Galicia é capital desenvolver unha acción exterior sólida: pola nosa experiencia de colaboración exterior, nomeadamente co Norte de Portugal, que nos debe servir para xogar un papel de referencia na cooperación territorial e transfronteiriza; pola existencia de colectividades de galegos no exterior, polos seus compromisos solidarios, polo desexo de

trasladar ao exterior a imaxe dunha Galicia aberta ao mundo, culturalmente singular, para permitir a internacionalización das nosas empresas, para captar inversións e optar nas mellores condicións a infraestruturas de carácter tecnolóxico e produtivo.

Este documento contén unha listaxe de temáticas, propostas e compromisos no eido da acción exterior de Galicia que desexamos consolidar na presente lexislatura. Contén, en suma, as directrices a seguir, os campos de acción e os instrumentos que nos permitirán acadar nun futuro próximo crecemento e mellora. En consecuencia, con este documento non se pretende repensar unha traxectoria que está xa pormenorizada nos seus eixes fundamentais nin abrir de novo un debate sobre as súas bases e orientacións. Aspírase a adaptar e concretar ámbitos específicos de actuación, a inventariar medidas asumibles no contexto presente para garantir, con flexibilidade e lealdade, unha acción exterior que permita a Galicia gañar espazos de proxección nun marco temporal inmediato definido en función das súas prioridades xerais.

2. Introducción

Dende a creación, en 1997, dun departamento específico na Xunta de Galicia para impulsar a acción exterior da nosa Comunidade, a Administración galega ten promovido importantes esforzos de reflexión e sistematización da nosa conduta e proceder exterior. Estes empeños cristalizaron en estratexias recollidas tanto nos Programas Cuadrienais de Acción Exterior como no Libro Branco da Acción Exterior de Galicia (2004) ou as Bases para unha Estratexia de Acción Exterior de Galicia (2007), de xeito que contamos hoxe con referencias documentais suficientes para orientar o noso facer no eido exterior.

Nas últimas décadas, o mundo experimentou destacados cambios, avanzando con paso máis decidido cara a multipolaridade e o multilateralismo, o que implica un cambio substancial na configuración do sistema de poder internacional. A mundialización segue avanzando en parello á intensificación dos procesos de integración e cooperación rexional, xerando múltiples e novos mecanismos de interrelación con potencialidade dabondo para dar lugar a novas correntes e fluxos, políticos e económicos na orde internacional. Non hai contradición entre ambos procesos que se

desenvolven con natural complementariedade.

A crise financeira internacional de 2008, por outra banda, puxo fin a un relativamente longo período de crecemento económico en Occidente, acentuando a intensidade dalgunhas variables que indican posibles orientacións do sistema internacional: a interdependencia crecente, cambios xeopolíticos de gran alcance, maior significación do progreso tecnolóxico, o inexorable avance da mundialización económica, a urxente consideración dos problemas ambientais ou a emerxencia de outros actores estatais de relevancia, como China ou Brasil.

Esas manifestacións veñen a confirmar que nos atopamos no epicentro dunha gran transformación sistémica que pode derivar nunha sociedade internacional multipolar e na que o multilateralismo gañará consistencia día a día.

Nesta prolongada inflexión dos tempos, Galicia debe estar atenta e fuxir da improvisación na súa acción exterior, a sabendas de que os cambios xeopolíticos que se están producindo así como os retos globais que suxire a mundialización aféctanlle de maneira clara sen que poida evitalo. Non valen cálculos a curto prazo.

Cómpren políticas de longo percorrido baseadas nunha ampla e plural alianza que nos permita exemplificar esa concepción de Galicia como unha autonomía tamén no mundo con intereses específicos que pode e debe desenvolver nun marco de lealdade satisfactoria co propio Estado, dotándose de instrumentos capaces e suficientes. Porque moitas das nosas opcións están fóra e precisamos abordalas con xenerosidade, espírito aberto e seriedade, cunha proposta global e ben acaída. Pensar o mundo en clave galega significa tirar proveito dos nosos activos internos, da nosa presenza exterior e proxectalo todo con dinamismo nas tendencias do presente.

O fío condutor que inspira a acción exterior da Xunta de Galicia parte da consideración da importancia crecente deste ámbito da acción pública e da necesidade de dotalo de perspectivas sólidas a todos os niveis, tanto no plano dos medios como no das orientacións, asegurando o máximo consenso en consonancia cos desafíos que pretende abordar e que, en moitos casos, dependen dunha Galicia que transcende o efémero mandato dunha Administración e que involucra notoriamente a moitos outros axentes.

Galicia precisa unha presenza reforzada no exterior, apostando pola cidadanía e por abrir espazos de concertación e influencia para os poderes descentralizados. Podemos visibilizar a nosa existencia participando igualmente en diferentes obxectivos da axenda internacional e situándonos na vangarda das tendencias que apostan pola diversidade cultural, a reforma do sistema internacional, un novo paradigma baseado na sustentabilidade, a redución da pobreza ou a promoción dos dereitos humanos.

Contamos hoxe con referencias documentais suficientes para orientar o noso facer no eido exterior, tanto no plano xeográfico (con actuacións na Unión Europea, a cooperación transfronteiriza co Norte de Portugal, ou as relacións con América Latina ou Asia), como no plano temático, establecendo como base da acción exterior da nosa Comunidade a cooperación interrexional, o apoio á internacionalización da empresa galega, o apoio aos colectivos da diáspora, a cooperación ao desenvolvemento ou a internacionalización da imaxe de Galicia.

3. Principios básicos da acción exterior de Galicia:

Os **principios** que se promoverán desde a Xunta de Galicia en materia de acción exterior están definidos no seguinte Decálogo:

1. Promoción dunha acción exterior **integral**, facilitando a asunción dun discurso compartido por parte de todos os axentes implicados e fortalecendo a complementariedade e converxencia dos instrumentos existentes ou dos novos que puideran ser creados.

2. Fomento xeral e a todos os niveis da nosa **internacionalidade** como expresión da aspiración a unha Galicia máis aberta e comprometida cunha acción global baseada nunha cooperación orientada ao progreso e o desenvolvemento mutuos.

3. Garantía da **coherencia interna** e da **cohesión** das políticas públicas no eido da acción exterior, completando a radiografía dos instrumentos dispoñibles a este nivel e fomentando a súa racionalización e eficiencia.

4. Aposta polas **novas vías de acción exterior**, tendo en conta os cambios rexistrados en Galicia e no mundo,

involucrando aos diferentes actores, públicos e privados, a fin de explorar e dinamizar ao máximo as súas potencialidades.

5. Promoción de accións que faciliten unha mellor **visibilidade** da acción exterior galega, tanto para facilitar a cooperación con outros actores como para afincar a comprensión social arredor da transcendencia das políticas públicas neste eido.

6. Fomento das sinerxías internas, habilitando tanto **espazos de integración, participación e coordinación**, como medidas de apoio ás estruturas de reflexión e pensamento, como poden ser as creadas na Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal ou o propio Consello de Acción Exterior (CAEX). Trátase, en suma, de garantir a eficacia e a eficiencia das nosas accións fuxindo de minifundismos estériles e alentando unha independencia construtiva e respectuosa entre o poder público e a sociedade civil.

7. Mellora dos niveis de **consenso** político e social, favorecendo a máxima **participación** posible no deseño, aplicación e avaliación das estratexias en materia de acción exterior.

8. Prioridade ás accións de **internacionalización de empresas**, busca de capitais, apoio aos nosos empresarios na

súa instalación no exterior e ás empresas estranxeiras que desexen instalarse en Galicia.

9. No eido educativo, científico - tecnolóxico e e ámbitos afíns, cómpre fomentar unha estratexia de internacionalización ambiciosa que permita un maior aproveitamento das nosas potencialidades, fomentando o **traballo en rede** e o involucramento activo das nosas institucións na sociedade do coñecemento.

10. Nos **ámbitos sectoriais**, a prioridade é para as catro áreas anteriormente mencionadas: A participación de Galicia na UE, a cooperación con Portugal, a Cooperación ao Desenvolvemento e as relacións con Latinoamérica e outras áreas emerxentes, en particular con Brasil e China.

4. Definición das liñas da Acción Exterior de Galicia:

Un dos obxectivos que se marca o Goberno de Galicia na presente lexislatura é configurar unha **Galicia Global**¹, a traveso dun galeguismo cooperativo, para acadar, en todos os eidos, o funcionamento do país como unha **Cidade Única**. Esta Galicia Global será capaz de competir, nas mellores condicións, coas máis potentes rexións europeas; e, á vez, poderá equipararse ás principais capitais do continente. Porque a modernización e o cambio social en Galicia non será posible nin completa se ignoramos, desprezamos ou instrumentalizamos a acción exterior con visións de corto prazo.

Por elo, a Xunta de Galicia está a traballar decididamente cara dentro, mais tamén cara fora, en torno aos catro eixes sectoriais que marcan a nosa acción exterior:

- Asentando canles efectivas de participación da nosa Comunidade Autónoma nos **asuntos europeos**, co obxectivo de promover os nosos intereses. Co Tratado

¹ A consecución dunha “Galicia Global”, do funcionamento do país como unha “Cidade Única” pasa pola aplicación de políticas de cohesión interna en Galicia para achegar as provincias de Lugo e Ourense ao nivel de desenvolvemento da fachada atlántica. Os planes “Impulsa Lugo” e “Impulsa Ourense” son unha mostra desto.

de Lisboa, a Unión Europea inicia un proceso de integración que resulta especialmente interesante para a nosa Comunidade Autónoma. Nesta nova etapa Galicia precisa asegurar unha adecuada defensa dos nosos intereses tanto na definición das políticas que mais nos afectan, como a política rexional, a agrícola ou a pesqueira, esenciais no noso tecido produtivo, como na percepción dos fondos europeos necesarios para implementar as devanditas políticas.

- Afondando na consolidación da Eurorrexión, avanzando na **cooperación con Portugal**, e en particular coa súa rexión Norte, cara a unha cooperación de “segunda xeración”. O entendemento con Portugal ten unha enorme relevancia para a acción exterior de Galicia, xa que nos permite gañar centralidade e deseñar unha estratexia de desenvolvemento atlántica. A década que se inicia agora é decisiva para a relación entre Galicia e Portugal: cómpre continuar o proceso de converxencia que se iniciou hai máis de vinte anos; é necesario fortalecer certas áreas clave, no eido económico,

cultural, das infraestruturas. Desde Galicia temos presente que con Portugal compartimos fachada atlántica, horizonte e obxectivos, e aspiramos a incrementar a integración dos nosos sistemas urbanos, viarios, produtivos ou de transporte.

Nesa liña, apostamos por estender a idea da cooperación interrexional, á partir da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, á recentemente constituída Macrorrexión "Rexións do Sudoeste Europeo", xunto coa Rexión Norte de Portugal e a Comunidade Autónoma de Castilla y León.

- Reforzando o noso compromiso cun mundo máis xusto e coa erradicación da pobreza e as súas causas, mediante unha estratexia eficaz de **Cooperación ao Desenvolvemento**. Galicia aposta pola cidadanía e por abrir espazos de concertación e influencia para os poderes descentralizados. Podemos visibilizar a nosa existencia participando igualmente en diferentes obxectivos da axenda internacional e situándonos na vangarda das tendencias que apostan pola diversidade

cultural, a reforma do sistema internacional, un novo paradigma baseado na sustentabilidade, a redución da pobreza ou a promoción dos dereitos humanos.

- E non podemos obviar as históricas **relacións que nos unen a Latinoamérica** e a oportunidade potencial que supoñen para a nosa economía estes e outros **mercados emerxentes**, como os asiáticos, facendo fincapé, en particular, en **Brasil e China**.

Pero ademais dos eixes dispostos, a nosa acción exterior concrétase con actuacións nos eidos político e institucional, económico, comercial, cultural e educativo, conscientes de que a nosa Comunidade ten que estar a altura dos tempos actuais.

Para que isto sexa unha realidade, cómpre un compromiso efectivo coa idea de que Galicia debe estar presente no exterior. Ao mesmo tempo, esixe tamén unha avaliación continuada e permanente dos desafíos a superar, das tácticas e estratexias a adoptar, co fin de evitar o agravamento da nosa situación periférica.

Nos seguintes puntos desenvolveranse as actuacións que configuran a nosa acción exterior, cos que se pretende alentar as relacións directas con outros actores internacionais en función do

desenvolvemento das súas competencias, da satisfacción de intereses comúns e no marco dunha irrenunciable lealdade institucional, de respecto mutuo e de colaboración plena co goberno de España.

5. Ámbitos sectoriais de actuación:

5.a. Galicia en Europa:

O compromiso de Galicia con Europa manifesta unha dobre vertente. Dunha banda, asegurando o pleno apoio ao proceso de integración europea. Doutra, participando de forma activa e en función das súas posibilidades e intereses no proxecto comunitario, incidindo de modo especial naqueles aspectos que máis poden reforzar as oportunidades de Galicia neste contexto.

Consideramos especialmente relevante **potenciar o papel de Galicia no seo do Comité das Rexións**, especialmente en dúas das seis comisións que o compoñen: na Comisión para a Cohesión Territorial (COTER) e na Comisión de Asuntos Constitucionais, Cidadanía e Relacións Exteriores (CIVEX). Os ditames elaborados nas comisións e aprobados posteriormente polo Pleno do Comité das Rexións incorporaranse, no seu caso, á normativa comunitaria, e por este motivo, a participación de Galicia nesta fase embrionaria resulta decisiva. Neste senso, o Presidente da Xunta de Galicia é o relator do Ditame de iniciativa sobre a reforma do Regulamento 1082/2006 sobre as Agrupacións Europeas de Cooperación

Territorial (AECT), con vistas á revisión desta figura por parte da Comisión Europea.

No Comité das Rexións, Galicia participa tamén activamente nun grupo interrexional, de recente creación, e centrado en analizar as causas da **crise do sector do automóbil** para propoñer solucións coordinadas a nivel europeo. Non cabe dúbida que este sector industrial é de singular transcendencia para nós, polo que cómpre facer un seguimento moi de preto de todos os procesos de adopción de propostas que se leven a cabo a nivel comunitario.

Galicia ha de seguir a potenciar a liña proposta para a reforma da Política Común de Pesca, empregando para isto as ferramentas que o Comité das Rexións nos achega e promovendo un grupo de traballo interrexional, que avance nos puntos de encontro que enriquezan e melloren a definitiva redacción e orientación da proposta, dando un xiro rexional ao proceso decisivo na materia marítimo – pesqueira, de acordo coa proposta da propia Comisión Europea, de modo que se reforce a posición de proximidade á realidade das comunidades autónomas con implicación na materia.

Temos que estar preparados para **as novas perspectivas**

financeiras da Unión Europea. Por iso é importante que **consolidemos as alianzas que xa temos constituído con outras rexións europeas** que, previsiblemente, poidan estar nunha situación económica semellante á nosa, para seguir influíndo na busca de solucións que se integren no novo período de programación e possibiliten unha “aterraxe suave”, na mesma liña que, neste período, foi o “*phasing out*” para aqueles territorios que deixaran de ser obxectivo 1 polo efecto estatístico. De feito, a rede de 19 rexións liderada por Galicia e denominada CROWC (Convergence Regions on the Way to Cohesion) xa obtivo resultados concretos² ao seu labor coa publicación, o pasado 10 de novembro, do 5º Informe de Política de Cohesión elaborado pola Comisión Europea.

Nun eido mais sectorial, é importante a definición, no novo marco da Política Pesqueira Común para os vindeiros anos, dun instrumento financeiro para o sector marítimo – pesqueiro que contribúa ao desenvolvemento dunha actividade pesqueira,

² Segundo este informe, a Comisión Europea plantexa a posibilidade de crear un novo obxectivo transición para calquera rexión que abandone o obxectivo converxencia, circunstancia que beneficiaría a Galicia.

marisqueira e acuícola sostible económica, social e ambientalmente.

Galicia participa activamente na **Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea** (CARUE, antes CARCE), que é o órgano encargado de impulsar a participación autonómica nos asuntos europeos. Para elo, liderou un Grupo de Traballo, formado por seis comunidades autónomas, que conseguiu que o Pleno da CARUE aprobase este mesmo ano a reforma do seu Regulamento interno, incorporando notables melloras como a modificación do *quórum* de constitución ou a posibilidade de celebrar reunións mediante videoconferencia. Tamén conseguimos que se aprobara un Plan Anual de Traballo da CARUE 2010.

Galicia aposta por seguir participando, a través do Conselleiro competente, nas reunións dos Consellos de Ministros comunitarios abertos á participación autonómica. Ademais das catro formacións do Consello que os Acordos de 2004 abriron a participación autonómica³, este ano abriuse a participación autonómica no Consello de Competitividade en materia de Consumo e no Grupo de

³ Agricultura e Pesca; Medio Ambiente; Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores (EPSSCO), e Educación, Xuventude e Cultura

Traballo de Establecementos e Servizos no que se tratan asuntos de xogo. Sería de interese para Galicia abrir máis formacións do Consello coma as de Transporte, Telecomunicacións e Enerxía, e mellorar os sistemas de representación nas existentes, conforme o consenso das Comunidades Autónomas.

Nesta liña, seguiremos estreitando os nosos contactos cos *Consejeros Autonómicos* na **Representación Permanente de España** en Bruxelas (REPER). É tamén conveniente continuar defendendo a participación de Galicia nos denominados “*Comités da Comisión*”, ou Comités da área da **Comitología**, formando parte da Delegación española.

Prestamos unha especial atención á presenza de Galicia no **movemento rexionalista** europeo, potenciando as áreas de interese e o intercambio de experiencias así como a implicación en estratexias e redes que ambicionen desenvolver un papel activo no fomento daqueles ámbitos que xa non son competencia exclusiva dos Estados. Galicia conta cunha traxectoria de **forte presenza e compromiso na cooperación interrexional multilateral**, tendo en conta a situación xeográfica e os intereses compartidos con determinados territorios. Deste xeito, Galicia foi a primeira

Comunidade Autónoma en entrar na **Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE)**, en 1986 e neste foro Galicia participa de forma activa no debate actual sobre o futuro da Política de Cohesión e dos Fondos Estruturais así como a situación da cooperación transfronteiriza en Europa. Neste senso, a partir de 2011, Vigo acollerá os Seminarios Bianuais sobre Cooperación Transfronteiriza en Europa.

Tamén é salientable a presenza de Galicia na **Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM)** e na Comisión do **Arco Atlántico**, que agrupa a 27 rexións, dende Andalucía ata Escocia, que conforman a fachada atlántica europea.

É interesante, por outra banda, que Galicia se integre de forma activa nas redes transnacionais europeas, coa finalidade de participar en programas de cooperación a fin de defender os nosos intereses de maneira conxunta con outras rexións. Nomeadamente os membros do CAEX están integrados en outras redes como a RIET (Red ibérica de entidades transfronterizas) ou a CECICN (Conferencia Europea de Redes Transfronterizas e Interregionales de Ciudades). Galicia tamén está presente na **Conferencia de Rexións con Competencias Lexislativas (REGLEG)**. A Rede de

Rexións con Competencias Lexislativas permite a presenza de Galicia nun foro privilexiado, xunto con mais de 70 rexións de toda Europa.

5.b. A cooperación transfronteiriza e interrexional: Relacións con Portugal

A cooperación entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal foi sempre unha das mais vizosas das existentes entre os entes subestatais da Comunidade Europea. As demandas sociais xeradas ao longo dos últimos anos, e un calendario condicionado pola elaboración das propostas políticas e financeiras comunitarias para o período 2014 – 2020, fixeron imprescindible o **relanzamento da Comunidade de Traballo**, que asume un papel vertebrador das relacións, coordinando as actuacións, intervindo en novos ámbitos e liderando aos distintos actores. Trátase agora de intensificar a participación da Comunidade de Traballo en tódolos ámbitos relacionados coa cooperación transfronteiriza, proxectándoa como **un dos interlocutores privilexiados en Europa para estas materias.**

Ámbitos como os clústers do Mar, do Têxtil, do Automóbil, o transporte de proximidade nas zonas de fronteira, os recursos naturais, a atención sanitaria, a educación, as novas tecnoloxías e TIC, os parques empresariais e polígonos loxísticos, a atención á mobilidade laboral e por suposto a cooperación social e cultural, especialmente na súa vinculación co turismo e a conexión ferroviaria de Alta Velocidade, que se configura como gran elemento vertebrador no urbano e dinamizador no económico da Eurorrexión e do seu sistema urbano, son elementos sobre os que reflexionamos e trazamos liñas de traballo.

Logo da sinatura do “Memorando para o impulso da cooperación transfronteiriza” (Porto, 7 de xullo de 2009) polos Presidentes da Xunta de Galicia e da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, púxose en marcha o “**grupo de reflexión**” mencionado no devandito documento, para preparar as modificacións operacionais necesarias e as novas liñas políticas da Comunidade de Traballo, en tanto que órgano político da Eurorrexión.

Os elementos máis salientables que definen a cooperación que Galicia mantén co Norte de Portugal son:

- **A Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal:**

Foi creada o 31 de outubro de 1991 pola Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N), coa finalidade de favorecer unha dinámica de encontros regulares entre Galicia e o Norte de Portugal, para tratar asuntos de interese común, solucionar os problemas compartidos e contribuír á presentación e xestión de proxectos de cooperación conxuntos. Entre os seus obxectivos actuais destaca a súa consolidación como unha ferramenta de cooperación “de segunda xeración”, capaz de actuar como grupo de presión en defensa dos intereses dos cidadáns, dando entrada a sectores non representados, como as universidades ou os empresarios. Cómpre promover proxectos non só nos ámbitos das infraestruturas materiais, senón que se estendan ademais a sectores como o turismo, os servizos sociais, o medio ambiente, cultura e educación, proxectos de I+D, sanidade, a proxección exterior conxunta.

- **A Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT),** órgano creado entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de

Portugal o brazo executor das políticas de cooperación que se definan entre Santiago e Porto, no seo da Comunidade de Traballo. A AECT comezou o seu funcionamento efectivo o 18 de febreiro de 2010, tralo acto de presentación de Vigo. É a Comunidade de Traballo quen diseña o plano concreto para a AECT, no que se marcan obxectivos, medios e prazos, claramente definidos, para que esta sirva como instrumento desta cooperación. A AECT debe servir para achegar a cooperación a aqueles ámbitos tradicionalmente alonxados do feito cooperativo, e para integrar nel a outros sectores nos que a actuación directa da administración vese aínda con renuencia. A experiencia da AECT Galicia – Norte de Portugal está na base do ditame sobre a reforma do regulamento europeo que o Comité das Rexións lle encargou ao Presidente da Xunta.

- **O Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP)** é unha iniciativa financiada pola Unión Europea para promover o desenvolvemento das zonas fronteirizas de España e de Portugal e fomentar as redes de cooperación existentes, desenvolvidas a partires de 1989 a medio da iniciativa comunitaria INTERREG. Foi aprobado pola

Comisión Europea o 25 de outubro de 2007, e ten un horizonte temporal ata o remate do ano 2013. O programa define prioridades e áreas de cooperación e pode permitir un novo pulo á vitalidade e fortaleza da cooperación Galicia - Norte de Portugal.

- Ademais, no seo da Eurorrexión foise tecendo todo un entramado de cooperación transfronteiriza entre os distintos actores, tanto públicos como privados. Dentro desta rede teñen unha especial importancia o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, que representa o ecosistema urbano da Eurorrexión; a Plataforma Sindical Interrexional, que abrangue os actores sociais; as agrupacións de empresarios, con plataformas como CECOTRAN; ou mesmo as unións do eido local como a Unimiño.

Mais a relación entre Galicia e Portugal non se esgota no Norte. A asimetría institucional existente fai necesario **incrementar as relacións con Lisboa**, para tentar dar solución a algúns problemas que transcenden o eido competencial da Rexión norte de Portugal e da súa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento (CCDR-N). Por iso, a acción de Galicia no país

veciño debe ter sempre moi en conta esas dúas referencias urbanas e políticas. Un novo impulso ás relacións entre Galicia e Portugal veu dado pola viaxe institucional do Presidente da Xunta de Galicia a Lisboa, onde se reuniu co Presidente da República portuguesa, Aníbal Cavaco Silva, e co Primeiro Ministro, José Sócrates. Logo destas xuntanzas, o Presidente anunciou o lanzamento dunha “Axenda de Cooperación” en diversos ámbitos entre Galicia e Portugal, dando comezo un **novo período máis ambicioso** no que a cohesión territorial, e por ende a cooperación transfronteiriza, teñen un papel moi relevante, xa que vertebran mecanismos de proxección económica, social e cultural e crean oportunidades de crecemento e desenvolvemento. Os ámbitos en torno aos que Galicia está a traballar céntranse:

- na mellora das infraestruturas viarias e ferroviarias.
- na enerxía, coa mellora do mercado ibérico da electricidade e a creación do mercado ibérico do gas
- na cooperación empresarial, e
- por último, en facer causa común con Portugal por mellorar o que semella un futuro complexo no que respecta aos fondos europeos.

Por outra banda, cómpre non perder de vista Portugal como punto de partida para estreitar os vínculos cos 225 millóns de persoas que compoñen a **lusofonía**, en particular con Brasil.

Alén do anteriormente descrito, no eido da cooperación interrexional e con Portugal, é preciso destacar a **constitución da Macrorrexión de Rexións do Sudoeste de Europa “RESOE”, entre Galicia, a Rexión Norte de Portugal e Castela e León**. O pasado 17 de setembro, o Presidente da Xunta de Galicia, o Presidente da Junta de Castilla y León e o da Rexión Norte de Portugal asinaron un Memorando para a constitución dunha Macrorrexión no extremo suroccidental da Unión Europea, unha alianza estratéxica que agrupa a 9.2 millóns de habitantes nunha superficie de 156.000 km², que ven refrendada pola Estratexia UE2020 da Comisión Europea de investimento en innovación, economía do coñecemento e construción dun novo modelo económico.

Os obxectivos desta iniciativa son:

- . Xerar a masa crítica necesaria para gañar peso en Bruxelas nas áreas de traballo obxecto de cooperación.

- . Estimular á sociedade civil implicada nos diferentes ámbitos de actuación para que entre en contacto cos seus homólogos e presenten novos proxectos de cooperación con cargo aos fondos do vindeiro período de programación, 2014-2020.
- . Establecer contactos con outras rexións europeas e Comunidades Autónomas españolas para que, unha vez consolidada esta fase da Macrorrexión, se amplíe esta rede estratéxica.

Os principais ámbitos de actuación son:

- . Economía e Industria.
- . Educación, Universidades e Investigación.
- . Ámbito laboral.
- . Medio Ambiente.
- . Cultura e Turismo,
- . Transportes e Loxística.

A Macrorrexión RESOE está presidida de forma conxunta e simultánea polos presidentes das rexións membros dela. Ten un Comité encargado do seguimento, da coordinación e da aplicación do protocolo, composto polos Conselleiros responsables de acción exterior de cada unha das partes asinantes. No caso de Galicia,

esta competencia recae sobre o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que preside o Comité no seu primeiro ano de funcionamento. Do Comité dependen os seis Grupos de Traballo para cada unha das áreas de actuación definidas no Memorando.

5.c. Cooperación ao desenvolvemento

As tarefas neste eido céntranse en:

- Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de **sensibilización** da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento.
- **Fortalecer os actores** do sistema galego de cooperación e procurar a súa colaboración.
- Mellorar a **calidade técnica e operativa** do sector.
- Ampliar os **medios** da cooperación galega.
- Fomentar **sinerxías** cos restantes sectores da sociedade galega que posúan experiencia de valor para a cooperación.
- Estimular o comercio xusto e o consumo responsable.

- Elaborar ferramentas para contribuír a materializar as prioridades da cooperación galega.
- Primar a eficacia e a eficiencia da axuda oficial ao desenvolvemento no camiño de acadar os obxectivos da **Declaración de París**, documento internacional que define a nova estratexia.
- Consolidar procesos de desenvolvemento a través da **concentración da axuda** a medio prazo.
- Contribuír ao desenvolvemento integral e á mellora das condicións de vida dos pobos.
- Aliviar e corrixir as situacións de pobreza cun desenvolvemento solidario e estable.
- Apoiar procesos de transformación integral en materia de educación, saúde, xestión sostible e equidade de xénero.

Apoiamos a implementación do **II Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento (2010-2013)** da cooperación galega.

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento define de forma precisa o ciclo de planificación que debe adoptar o sistema galego de axuda ao desenvolvemento, identificando os plans directores cuadrienais e os plans anuais

como os instrumentos centrais da planificación da axuda. O Plan Director debe fixar a planificación estratéxica para os vindeiros catro anos, atendendo a **criterios sectoriais e xeográficos**. Na especialización sectorial, o obxectivo fundamental debe ser a **loita contra a pobreza** e as súas causas. No ámbito xeográfico cómpre **concentrar** a actuación dos diferentes axentes da cooperación, favorecendo desta maneira o impacto positivo no desenvolvemento das poboacións coas que se coopera, con especial vinculación aos sectores onde se dean alianzas e acordos económicos e de investimento, caso da pesca, de forma coordinada e dirixida aos avances na xestión e promoción económica interna nos países destinatarios, de forma que se evite deixar exclusivamente nas mans dos actores económicos as tarefas básicas da cooperación ao desenvolvemento.

5.d. Relacións bilaterais

Son **catro** os **eixos** en torno aos que se articulan as relacións bilaterais de Galicia:

En primeiro lugar, e deixando ao marxe os países da Unión Europea, Galicia debe afanarse en coidar especialmente as súas

relacións con **Brasil** e con **China**. Con **Brasil** cómpre avanzar na formulación de contactos estables e sistemáticos, dada súa proximidade lingüística, histórica, afectiva e polo seu inmenso potencial económico e comercial. **China** é un país ineludible para calquera actor adecuadamente situado nas tendencias mais nidias do presente século. As posibilidades de penetración no entorno de Asia oriental, onde se dan os ritmos de crecemento máis grandes do mundo, esixen dotarnos de estratexias de asociación e de intercambio a todos os niveis.

O segundo eixo está marcado pola estratexia de Galicia no ámbito da **Cooperación ao Desenvolvemento**, en particular polo II Plan Director da Cooperación Galega, que establece os seguintes países prioritarios cara aos que se orientará en maior medida (un mínimo dun 80% dos recursos) o esforzo do sistema galego de cooperación: **Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique**, así como a **poboación saharauí** (en África), **Bolivia, Ecuador e Perú** (en América do Sur), **Haití e República Dominicana** (no Caribe) e **Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua** (en Centroamérica).

En terceiro lugar, Galicia centrará as súas relacións bilaterais

naqueles países onde existe unha importante colonia galega:

Arxentina, Uruguai, Venezuela, Cuba, México e Suíza.

Finalmente, o cuarto eixo das relacións bilaterais da nosa Comunidade Autónoma céntrase naqueles países que, pola súa especificidade ou pola súa vinculación económica cos sectores productivos galegos, teñen un interese especial: É o caso de **Estados Unidos**. No continente africano, **Marrocos e Namibia** deben ser obxecto de atención na definición das nosas estratexias exteriores; e en Europa, á marxe das relacións coa Unión Europea, cómpre prestar atención a **Rusia**.

6. A acción exterior de Galicia: eidos de actuación

6.a. A acción política e institucional

O corpo consular acreditado na nosa Comunidade brinda a oportunidade de impulsar as relacións de amizade e de cooperación cos países que representan e Galicia. Neste sentido, importa actualizar a súa dimensión efectiva e as súas características específicas, a fin de delimitar accións posibles orientadas a **fomentar as relacións bilaterais** tanto no plano institucional como comercial, cultural ou científico. Igualmente, habida conta da crecente presenza inmigratoria en Galicia e tamén da maior saída de galegos ao exterior por diferentes motivos, interesa fortalecer as **capacidades administrativas** dos consulados (nas prestacións de orde civil ou doutro tipo) e as súas posibilidades de asistencia. A tal efecto, cómpre **potenciar a comunicación** entre a Xunta de Galicia e os consulados establecidos na nosa Comunidade, manténdose mutuamente informados de todos aqueles aspectos que poden repercutir no desenvolvemento das súas tarefas.

No plano exterior, a presenza política ao máximo nivel é de capital importancia. Cómpre por iso artellar un programa ambicioso de contactos e visitas oficiais en ambos sentidos, **asegurando unha presenza institucional exterior** con carácter regular e de xeito coordinado.

Resulta esencial, por outra banda, tirar proveito da nosa singularidade no feito autonómico como valor de atracción e **vantaxe comparativa** nun tempo en que na sociedade internacional existen firmes intentos de favorecemento ou actualización de opcións descentralizadoras.

Por outra banda, Galicia fai unha aposta por dinamizar a **diplomacia parlamentaria**. Non soamente facilitando a transparencia e a comunicación neste eido co Pazo do Hórreo, senón establecendo grupos de amizade parlamentaria coas cámaras dos países definidos como prioritarios e aproveitando, na medida do posible, a presenza de galegos ou descendentes nas Cámaras de determinados países como referente que pode facilitar o establecemento deses lazos, a través dos cales pode abrirse camiño a outras relacións de carácter económico ou cultural.

É importante, por último, prestar atención ao **poder local**, unha administración que precisa modernizar a súa relación co exterior, racionalizala e coordinala coa autonómica a fin de dotala dunha coherencia que reverta positivamente nas posibilidades de desenvolvemento do espazo local, ben polos seus propios medios ou ben aproveitando as sinerxías e valor engadido que lles fornecen agrupacións como o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular. Na sociedade actual, concellos e deputacións tamén poden e deben intervir como suxeitos con identidade e intereses propios, non soamente a través do desenvolvemento de accións de cooperación material senón igualmente con irmandades (con contido), con talleres de intercambio de experiencias, con actuacións no ámbito comunitario que contemplan o acceso dos entes locais aos fondos estruturais da Unión Europea, impulsando a participación nos movementos internacionais de carácter municipalista, etc. Como acontece con outros actores sociais, a internacionalización dos entes locais, abordada seriamente, pode facilitar o acceso a fontes financeiras e de coñecemento que repercutirán positivamente na xestión dos intereses públicos.

6.b. A promoción económica e comercial

Indispensable en calquera estratexia de internacionalización e magnitude prioritaria en todo tempo e ocasión, a dimensión económica, industrial, comercial e turística, xunto ao eido tecnolóxico e ambiental deben ser tomados en conta como eixes arredor dos que concentrar as nosas actividades nesta materia.

Amais, as estratexias de promoción da **captación de investimentos** resultan indisociables dos nosos obxectivos en materia de promoción dun desenvolvemento que poña en valor as nosas potencialidades.

É necesario incrementar o número de empresas galegas con presenza internacional. O empresariado galego -coa colaboración da Xunta de Galicia, do IGAPE como axencia de promoción exterior e de captación de investimento e doutras organizacións como as Cámaras de Comercio- debe concienciarse da necesidade de pensar de xeito global, e de abrirse ao exterior, superando o déficit de internacionalización.

6.c. O eido cultural e educativo

A difusión internacional da nosa cultura debe servir para proxectar unha **imaxe prestixiosa de Galicia**, fomentando o recoñecemento da calidade dos nosos creadores, e a singularidade e excelencia do noso patrimonio artístico e cultural. O cinema, as artes plásticas, a música, a danza, a literatura, o patrimonio, a arquitectura, etc., deben atopar canles propicios para a súa promoción mediante o establecemento de convenios, memorandos de entendemento, declaracións conxuntas ou simples acordos directos entre institucións públicas e privadas de Galicia e do exterior.

Con vistas á promoción cultural, Galicia, mais que pensar nunha proxección unilateral da súa cultura, que require grandes esforzos dada a precariedade dos nosos medios e posibilidades, podería optar, estratexicamente, por **tecer redes de intercambio** que faciliten o noso prestixio cultural e permita enriquecer a nosa propia vida cultural.

Neste sentido, o **fomento da internacionalidade** debe ser un dos piares básicos para acadar a excelencia cultural das nosas entidades e institucións do sector, xa que a conexión co exterior

non soamente vai enriquecer o traballo dos profesionais da respectiva área senón que tamén introducirá novos retos e novos elementos de comparación e contribuirá a elevar o seu nivel de calidade.

A acción cultural galega no exterior debe combinar a **difusión da imaxe de Galicia** (mais alá do tradicional recurso ás exposicións e outras iniciativas no exterior) co fomento de accións que permitan o coñecemento entre culturas e faciliten a presentación á sociedade galega doutras identidades. Na sociedade global contemporánea é esencial que Galicia sexa quen de trasladar ao exterior unha imaxe de **comunidade moderna e democrática**, analizando polo miúdo as características da percepción que da mesma puidera existir nas diferentes zonas nas que a cultura galega pode estar presente. Desenvolver correctamente unha imaxe de marca - país contribúe de modo claro a fortalecer a **competitividade**.

Indisolublemente asociada á nosa diáspora, a imaxe de Galicia require dunha **actualización** que a adapte a unha sociedade internacional en permanente cambio e que facilite a instrumentación das nosas políticas no marco da globalización en curso. Unha política activa neste campo debe incidir na asociación

con valores enraizados na nosa tradición e na nosa cultura que faciliten o entronque co exterior e potencien unha modernidade facilitadora tanto da **superación dos tópicos** que ignoran as inmensas transformacións rexistradas nas últimas décadas como a plasmación de proxectos e alianzas que pulen do noso desenvolvemento. O fenómeno do Xacobeo, e en xeral o atractivo dos Camiños de Santiago, supón unha boa oportunidade para mostrar aos visitantes a nova realidade de Galicia.

O reforzamento da investigación e da innovación constitúe unha aposta clave para situarnos no mapa global e require, consecuentemente, de programas educativos que favorezan tanto a promoción como o intercambio, a cooperación ou a simple homologación de títulos.

Nesa liña, cómpre habilitar políticas igualmente para que os nosos expertos, moitos deles hoxe en institucións doutros países, poidan atopar acomodo **nas nosas institucións docentes**, ao abeiro de programas de investigación e tecnolóxicos de nivel avanzado. Así mesmo, debemos contemplar unha **política de becas e de prácticas laborais** que facilite a internacionalización da mobilidade estudantil e do profesorado.

A incorporación de Galicia ao **mercado internacional da educación** debe tomar en consideración as novas realidades emerxentes e a veloz transformación que experimenta a demanda global do mercado internacional da educación superior.

Cómpre coordinar mellor a oferta do sistema universitario galego a fin de **captar estudantes** nos ámbitos definidos como prioritarios. Cooperación académica internacional, programa de becas –en colaboración con entidades privadas–, estudos de posgrao e doutorados, cursos itinerantes, ou a propia rede de lectorados de galego e de centros de estudos galegos nas Universidades de outros países: son múltiples os instrumentos posibles para fortalecer a **imaxe académica de Galicia**, moi feble aínda. As misións educativas das universidades galegas para presentar a súa oferta académica nos países prioritarios, seminarios de sensibilización en Galicia para as universidades de maior potencialidade do exterior, axudas para a participación galega en feiras educativas no exterior, cursos de verán adaptados ás súas necesidades etc., son posibilidades a contemplar. En suma, do que se trata é de dispoñer os medios para que poida existir un fluxo permanente de profesores, investigadores e estudantes que

consolide **redes de coñecemento e promoción de contactos** entre institucións docentes.

Por último, cómpre instrumentar apoios ás liñas de **investigación** e intercambio nesta materia impulsadas polos centros radicados en Galicia.

6.d. A diáspora como capital relacional

Consideramos importante articular **novos modos de interactuar coa diáspora**. O cultivo da identidade a través de iniciativas socioculturais tan presentes nos Centros Galegos ten o seu espazo e mesmo nese ámbito é moito o que se pode facer. Non obstante, na nosa diáspora existe hoxe un capital relacional, clave na sociedade do coñecemento, que pode servir para tender pontes, tecer alianzas e desenvolver políticas activas co exterior.

Non podemos desperdiciar a potencialidade do **capital humano** que tanto ten feito pola internacionalización de Galicia. Debe existir unha política asistencial, que ten que ser perfeccionada e mellorada constantemente. Ademais, debemos de aproveitar todas as enerxías da diáspora, articulando con ela mecanismos de alcance estratéxico:

O primeiro reto a acometer é o da **renovación**. E no inmediato pode vir por tres vías:

Unha primeira, atraendo aos sectores que no pasado estiveron afastados, ben sexa por discrepancias de diverso signo ou por non compartir a propia orientación, ás veces tan introvertida, dos Centros. Na diáspora, hai moitos galegos fóra dos Centros que poderían aportar moito a eles e a Galicia.

En segundo lugar, facendo dos Centros un punto de referencia para os novos emigrantes, é dicir, os profesionais con formación (ou que precisan ampliála fóra) que hoxe están presentes de forma voluntaria en numerosos países e aos que poderíalle aportar oportunidades de adaptación e inserción na nova realidade.

Por último, **abrindo moito máis os centros ás sociedades de acollida**, apostando sen medo por unha universalización que os faga “menos galegos” desde o punto de vista do seu soporte asociativo. Os Centros deben deixar de ser dos galegos para acoller neles a todos aqueles que están interesados en coñecer Galicia e a súa economía ou cultura e, por iso, deberían multiplicar

as súas actividades para captar o interese do conxunto da cidadanía do país de acollida.

Os Centros constitúen un faro privilexiado para a proxección exterior de Galicia e poden desempeñar un papel clave na difusión da nosa identidade. Cómpre tirar adecuado proveito deles.

Por outra banda, en Bos Aires e en Montevideo, Galicia conta desde 2007 con dúas **delegacións no exterior, que** constitúen unha referencia clave para facilitar e promover a presenza institucional de Galicia no mundo e para alentar o fortalecemento dos vínculos cos países de maior importancia estratéxica.

7. Medidas de estruturación:

Tendo en conta a nosa limitación de recursos e de estruturas, resulta de capital importancia o seu debido aproveitamento para garantir o impacto político adecuado da nosa actuación e acomodar posibilidades efectivas de contar con flexibilidade suficiente para definir **estratexias proactivas e coordinadas** que aseguren a máxima eficiencia posible.

As **delegacións no exterior** constitúen unha referencia clave para facilitar e promover a presenza institucional de Galicia no mundo e para alentar o fortalecemento dos vínculos cos países de maior importancia estratéxica. Esta rede debe **complementarse coa sectorial** dependente do IGAPE e que inclúe centros de promoción de negocios en Alemaña, Polonia, Estados Unidos, China e Xapón, así como con outras instancias que nos permitan un funcionamento compartido.

O particular momento que vive o proceso europeo e a necesidade de garantir unha maior proximidade de Galicia ás institucións comunitarias nun intre decisivo para velar polos nosos intereses, require unha **maior implicación da Fundación Galicia–Europa,**

que resulta un observatorio privilexiado para o análise e o seguimento das estratexias comunitarias e que debe xogar un rol relevante na política de defensa dos intereses de Galicia perante as institucións comunitarias.

Pola súa traxectoria, pode colaborar á hora de apoiar a formulación de proxectos conxuntos. A creación dunha nova área de actividade no seu seo, especificamente destinada á cooperación transfronteiriza, afirmará un eixo estratéxico relevante, habida conta da súa apertura á sociedade civil e da súa implantación en Bruxelas, que favorecerá a visibilidade da Eurorrexión e a conexión con outras institucións semellantes.

No eido da cooperación transfronteiriza a AECT debe desempeñar un rol sobranceiro na dinamización das actuacións de cooperación, sen esquecer a captación e xestión de fondos, pero sen que o seu labor se esgote nesa tarefa.

8. Epílogo

Este documento ambiciona situar a Galicia, pese ás restricións do momento, en condicións de afrontar o reto exterior e favorecer a nosa presenza global na orde político-institucional, económica, cultural e social nos espazos e ámbitos de maior interese para a nosa Comunidade.

As medidas propostas, concibidas como unha **panca para acelerar o desenvolvemento de Galicia**, caracterízanse polo pragmatismo e por unha firme vontade de defensa dos nosos intereses a través da potenciación dunha cooperación que fuxindo de retóricas susténtese en medidas específicas afastadas de posicións reactivas, concedendo especial valor á coordinación, á xerarquización de obxectivos e á converxencia de plans.

Este é un documento **aberto** no que tendo en conta as bases, obxectivos e principais liñas de traballo esbozadas, pode ser enriquecido de forma constante con flexibilidade e vontade construtiva.

Nesa medida tamén, este documento pretende **favorecer a participación de todos** e contribuír a impulsar o indispensable

consenso entre as forzas políticas e sociais para garantir unha aplicación práctica que eluda unha confrontación debilitante.

Como esforzo integrador de todas as cooperaciónns posibles (dende a empresarial á sindical, dende a política e social á cultural, dende a autonómica á local), este documento aspira igualmente a promover unha **cultura a prol dunha acción exterior integral** en todos os actores que na sociedade galega dispoñen de vocación e capacidade para internacionalizárense.